

RÚBRICA PARA AVALIAR O GUIÓN PARA O DEBATE

ASPECTOS	4 EXCELENTE	3 SATISFACTORIO	2 BEN	1 INSUFICIENTE
Presentación e estrutura	A presentación é correcta (marxes, sangría, espazo entre liñas, limpeza) e o guión está perfectamente estruturado cunha introdución clara, argumentos ben organizados e unha conclusión sólida.	A presentación é correcta (marxes, sangría, espazo entre liñas, limpeza) e o guión está estruturado, con argumentos organizados e unha conclusión.	A presentación presenta menos de 2 erros. A estrutura do guión é adecuada, pero a organización dos argumentos ou a conclusión pode resultar algo confusa ou pouco desenvolvida.	A presentación presenta 4 ou máis erros. A estrutura do guión é confusa ou incompleta. A introdución, os argumentos e a conclusión non están ben definidos.
Argumentación	Os argumentos están ben fundamentados con exemplos ou datos claros e relevantes. Hai unha clara xustificación de cada punto de vista.	Os argumentos están ben fundamentados, pero algúns puntos poden ser mellorados con máis detalles ou exemplos.	A argumentación é xeral, con algúns puntos sen suficiente apoio ou desenvolvemento. Faltan exemplos ou explicacións claras.	A argumentación é débil, sen apoio suficiente para as ideas e sen exemplos claros que xustifiquen as afirmacións.
Desenvolvemento	No texto deféndense de maneira moi ben argumentada cinco elementos que deberíamos ter no concello onde vivimos.	No texto deféndense de maneira ben argumentada catro elementos que deberíamos ter no concello onde vivimos.	No texto deféndense tres elementos que deberíamos ter no concello onde vivimos.	Non se argumenta ben ningunha das demandas que facemos

<p>Conclusión</p>	<p>O parágrafo redáctase de forma correcta e serve para pechar o texto salientando aquilo que parece máis importante.</p>	<p>O parágrafo ten algún erro na redacción, pero serve para pechar o texto salientando aquilo que parece máis importante.</p>	<p>O parágrafo ten varios erros na redacción, pero serve para pechar o texto salientando aquilo que parece máis importante.</p>	<p>O parágrafo presenta moitos erros na redacción e non serve como conclusión.</p>
<p>Linguaxe</p>	<p>A lingua empregada é correcta e adecuada en todo o guión, sen erros ortográficos nin gramaticais. O vocabulario é rico e apropiado para o contexto do debate</p>	<p>A lingua empregada é boa, pero presenta algúns pequenos erros ortográficos ou gramaticais que non dificultan moito a comprensión.</p>	<p>Hai varios erros ortográficos ou gramaticais que dificultan a comprensión. O vocabulario é limitado en algúns momentos.</p>	<p>O guión ten moitos erros ortográficos ou gramaticais que dificultan gravemente a comprensión. A linguaxe non é adecuada para o debate.</p>

